



www.ganemoscco.org • ganemosccoogalicia@gmail.com

¡Por un sindicalismo combativo, de clase, democrático e assembleario! Fóra os arribistas e corruptos de CCOO!



O Goberno do PP non só privatiza, ataca as liberdades democráticas ou aplica recortes salvaxes nos dereitos dos traballadores e nos servizos sociais. Mentres a maioría da poboación vive un auténtico pesadelo, este goberno da corrupción e o roubo descarado regala miles de millóns de euros do patrimonio público á gran banca e á patronal, tanto por vías legais como ilegais. Pero esta devastación social, este escarnio, está a ter unha resposta contundente na rúa, cunha rebelión social sostida, que provocou a crise do bipartidismo e do réxime capitalista refundado en 1978 trala caída da ditadura franquista.

Nestes anos, milleiros de afiliados a CCOO participamos activamente nas loitas obreiras, mareas cidadás, Marchas da Dignidade, en todos os conflitos que puxeron en xaque a este goberno reaccionario. Pero ao mesmo tempo asistimos indignados á pasividade coa que os nosos dirixentes transixen cos ataques que estamos padecendo. A pesar do paro brutal, dos abusos patronais, do aumento da siniestralidade laboral; a pesar do desmantelamento do ensino, a sanidade

e o resto de servizos sociais; malia a oleada de represión contra sindicalistas e traballadores en xeral, que están entrando no cárcere polo único delito de participar en mobilizacións... malia todo isto, as direccións de CCOO e UGT non só se negan reiteradamente a convocar mobilizacións serias e unificadas, senón que unha e outra vez se limitan a facer “propostas” e “peticións” ao goberno que, por suposto, caen en saco roto. Toxo e Méndez, empeñados nunha política de diálogo social e concertación completamente fracasada, seguen dando balóns de osíxeno a un goberno moribundo, asinando esmolos como o subsidio para parados maiores de 45 anos de longa duración, intentando un acordo salarial ridículo coa CEOE e facéndose fotos con Rahoy ou os seus ministros.

GañemosCCOO: pola rexeneración democrática, por un sindicalismo de clase

Esta política de desmobilización e pacto social, defendida contra vento e marea pola Executiva Confederal e seguida polas cúpulas das dife-

rentes Federacións, é directamente responsable dos escándalos e casos de corrupción que sacudiron a nosa organización, como o das tarxetas black ou os sobresoldos e o financiamento pola patronal en COMFIA. Non se trata de feitos illados ou casuais: son a consecuencia inevitable do modelo sindical que premia aos elementos máis turbios e oportunistas, mentres se margina e arrincona aos sindicalistas loitadores e comprometidos coa causa dos traballadores. O arribismo e as prácticas corruptas completamente alleas ao sindicalismo de clase estendéronse nas estruturas dirixentes de nosas CCOO, poñendo en grave risco incluso a continuidade da nosa organización.

Para revertir esta situación xorde GañemosCCOO, da man de milleiros de afiliados e delegados de base que estamos decididos a transformar o sindicato nunha ferramenta de loita, ao servizo unicamente dos intereses dos traballadores. GañemosCCOO quere que o noso sindicato recupere os sinais de identidade que o forxaron, orgulloso da súa historia, das súas tradicións combativas, democráticas e asemblearias.

GañemosCCOO baséase na forza organizada da clase obreira, a única que pode romper os plans da patronal, como demostraron os traballadores de Panrico, os traballadores da limpeza viaria de Madrid (que coa súa folga impediron máis de 1.300 despedimentos), os compañeiros de Coca Cola de Fuenlabrada (que durante 14 meses mantiveron unha loita exemplar contra o ERE e os despedimentos, coroada cunha vitoria histórica) ou os traballadores subcontratados de Telefónica, que en condicións de extrema precariedade están levando a cabo unha folga

indefinida que xa é un exemplo de dignidade para o conxunto do movemento obreiro.

A froza do movemento obrero tamén se expresa no rápido desenvolvemento de GañemosCCOO que, en tan só uns meses implantouse en centos de empresas e en todos os sectores e territorios. Somos milleiros de delegados e afiliados que non imos permanecer impasibles ante a deriva imposta por unha dirección que fixo da parálise sindical e a submisión ao goberno e á patronal unha estratexia que ameaza con destruír CCOO.

Convocamos a toda a militancia de CCOO a unirse a nós, desde a base e a participación, para recuperar o programa de loita de Marcelino Camacho e de tantos loitadores da causa obreira que o deron todo a cambio de nada. Para iso, os compañeiros e compañeras de GañemosCCOO esiximos:

- Fin inmediata da política sindical fracasada de pacto social e concesións á patronal, que só nos trouxo retrocesos. Por un sindicalismo combativo, de clase e democrático, desde a base, desde os delegados a pé de obra, e nas empresas.
- Dimisión da Comisión Executiva Confederal e de todas as direccións que amparan esta política, e expulsión fulminante de todos os implicados en casos de corrupción, prácticas ilícitas, sobresoldos, etc.
- Celebración inmediata dun congreso extraordinario democrático con delegados elixidos directamente desde as bases, para dar o protagonismo ós afiliados.



**¡Basta de desmobilización
e pacto social!
¡Únete a GañemosCCOO
e asina o noso manifesto!**